

DECRETO DA ALCALDÍA

Expediente: 2224/2025

Esta Alcaldía delegou, mediante resolución de 23/06/2023 (BOPPO núm. 128 de 4 de xullo de 2023) na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias previstas no apartado 9 da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014:

“As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o dez por cento dos recursos ordinarios do orzamento, nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual, cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada”.

Visto o expediente de contratación denominado **“BASES TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNS DE FEIRA NA ZONA DO REGUEIRIÑO, DURANTE AS FESTAS PATRONAIS DO ANO 2025”**. (2224/2025), tramitado mediante procedemento aberto, trámite ordinario e un criterio de valoración, aprobado por Decreto de Alcaldía de data 25 de xuño de 2025.

O día 9 de setembro procedeu a publicar a listaxe definitiva de solicitudes admitidas e adxudicacións de parcelas para a instalación das atraccións.

Non obstante, tendo en conta que quedaron parcelas vacantes e ante a solicitude das mesmas e previo análise do cumprimento dos requisitos esixidos nas bases arriba relacionadas, resulta oportuno admitir as novas solicitudes, xa que non prexudican ao interese xeral e supoñen un ingreso adicional para o Concello.

Xa que logo, os solicitantes deberán proceder ao pago o día 19 de setembro de 2025 no seguinte número de conta ES3520805429673110119045 ABANCA, con indicación expresa do nome do adxudicatario, DNI ou CIF e indicando expresamente o número de posto adxudicado.

Polo tanto, e de conformidade co disposto no artigo 21.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, RBRL; no art. 43.3 do ROF, aprobado polo RD 2568/86, de 28 de novembro e no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, **DISPOÑO:**

Primeiro.- Avogar a competencia que ostenta a Xunta de Goberno Local xa que técnicamente o procedemento establecido para a aprobación de acordos pola Xunta de



Goberno require contar cun prazo do que neste intre non se dispón.

Segundo.- Admitir as solicitudes para as parcelas vacantes, xa que os mesmas non prexudican ao interese xeral, supoñen un ingreso adicional para o Concello e cumpren os requisitos esixidos nas Bases.

Terceiro.- Aprobar a seguinte listaxe para a instalación de atraccións na zona de Regueiriño, durante as festas patronais do ano 2025:

SOLICITANTE	PARCELA	ATRACCIÓN	PREZO
Serafín Machado Dias	P01	Booster	3.175,03 €
Miguel Pardo Iglesias	P02	Shuttle Turbo 360	1.500,00 €
Cristian Montes Martínez	P03	Caseta tiro	156,00 €
Ivaylo Genadiev Georgiev	P04	Comida rápida	323,19 €
Victor Moledo Pereiro	P05	Garrapiñadas	123, 12 €
Saray Petrovich López	P06	Pesca patitos	225,00 €
Guillermo Alcaraz Díaz	P07	Air jockey	160,00 €
Guillermo Alcaraz Díaz	P08	Pesca patitos	150,00 €
Saray Sheila Estévez	P09	Algodón de azúcar	82,08 €
Robert Alberto Rodríguez	P10	Algodón de azúcar	82,08 €
Leonel Alexandre Machado	P11	Air jockey	160,00 €
Leonel Alexandre Machado	P12	Bocatería	330,00 €
Marcos Varela Pombo	P13	Bocatería	350,00 €
Manuela del Carmen López Vidal	P14	Pesca patitos	150,00 €

Cuarto.- Conceder autorización, **previo pago do prezo indicado anteriormente**, para a instalación dos postos de atracción de festas durante as Festas Patronais 2025, aos solicitantes que figuran na listaxe anterior, así como a ocupación de vía pública para realizar dita actividade que se celebrarán entre os días 19 e 23 de setembro de 2025 e debendo quedar completamente libre o espazo público ás 23:59 do 25 de setembro de 2025.

No suposto de que non se constate o pagamento pola ocupación do espazo, perderase o



dereito a instalarse. Neste caso procederase a comunicarllo á Policía Local co fin de que precinte a instalación no seu caso.

Quinto:- Publicar a listaxe tanto no perfil do contratante do Concello de Lalín así como no Taboleiro de anuncios.

Mandouno e asinouno en Lalín, D. José Crespo Iglesias, Alcalde do Concello de Lalín.

O Alcalde,
José Crespo Iglesias

Diante de min: O Secretario
César López Arribas

Documento asinado electrónicamente á marxe

